



# BASES DO CONCURSO DE DISFRACES E COMPARSAS DO ENTROIDO DE TABOADELA 2025

## PRIMEIRA.- Organización

O concello de Taboadela convoca un concurso de disfraces para comparsas, disfraces individuais para adultos e nenos que se celebrará con motivo do Entroido 2025, o sábado 1 de marzo, ás 17:00 horas, no Polideportivo de Taboadela.

## SEGUNDA.- Solicitud de inscrición e documentación a achegar

A inscrición dos participantes farase nas oficinas do Concello de Taboadela, en impreso normalizado para este fin, dende o día 27 de xaneiro ata o día 21 de febreiro de 2025 en horario de 09:00 a 14:00 horas.

## TERCEIRA.- Requisitos de participación

Nas solicitudes de participación deberán figurar o nome do disfraz individual ou da comparsa. A participación no concurso implica a aceptación das bases, sendo a decisión do xurado inapelable. A participación no concurso do Entroido 2024 implica o coñecemento e aceptación destas bases. Calquera circunstancia non prevista será resolta pola organización ou o xurado, segundo corresponda, sendo a súa decisión inapelable.

## CUARTA.- Modalidades de participación

As modalidades nas que se pode participar no concurso son:

- Comparsas: estarán compostas por un mínimo de 6 persoas, con disfraces que teñan relación entre si.

No escenario e ante o xurado poderán realizar un pequeno espectáculo (interpretación musical, coreográfica, escenificación...) de 3 a 4 minutos. A música de acompañamento, de ser o caso, debe ser facilitada á organización en formato mp3, ben achegándoa xunto coa inscrición ou ben o mesmo día do evento ao "speaker", encargado do evento, antes das 17:30h.

- Disfraces: nesta modalidade hai dúas categorías, na que se poderá concursar de forma individual ou en grupo. No caso dos grupos, para participar nunha categoría ou noutra, terase en conta a idade da maioría das persoas participantes:

Infantil: ata os 14 anos incluídos

Adultos: a partir dos 15 anos

## QUINTA.- Composición do xurado

A calificación das comparsas e disfraces individuais será determinada polo xurado do concurso, que estará formado por:

Presidente: Concelleira de Lecer, Xuventude e Tempo Libre ou persoa que a substitúa.





## Concello de Taboadela

---

Vogais:- Un representante do Concello e unha persoa designada entre o público asistente.

### SEXTA.- Criterios de Avaliación

Cada membro do Xurado valorará os seguintes criterios:

- Orixinalidade e simpatía
- Vistosidade, laboriosidade e Calidade

Ademais, na categoría de comparsas, valorarase a parodia/escenificación, e música que os acompañen.

As persoas compoñentes do xurado valorarán o cumprimento dos aspectos indicados no punto anterior e outorgarán entre 1 e 5 puntos segundo o cumprimento sexa moi baixo (1 punto), baixo ( 2 puntos), moderado (3 puntos), alto (4 puntos) ou moi alto (5 puntos).

A puntuación total será a suma da obtida en cada apartado. No suposto de empate, procederase a unha segunda puntuación.

### SÉTIMA.- Contía dos premios

Concederáanse os seguintes premios segundo as distintas modalidades:

- Comparsas:  
Premio á comparsa máis numerosa – dotado con 120 €.  
Premio a mellor comparsa- dotado con 120 €
  
- Disfraces:  
**Categoría Infantil:**  
Premio ao disfraz máis orixinal e simpático- dotado con 60 €.  
Premio ao disfraz máis vistoso e laborioso - dotado con 60 €  
**Categoría Adulto:**  
Premio ao disfraz máis orixinal e simpático- dotado con 60 €.  
Premio ao disfraz máis vistoso e laborioso - dotado con 60 €

Os premios poderán ser declarados desertos polo Xurado do concurso.

### OITAVA: Entrega de diplomas acreditativos

A entrega dos diplomas acreditativos dos premios terán lugar o mesmo día da celebración do Entroido: unha vez feita a avaliación polo Xurado, o Alcalde fará público o resultado.





## Concello de Taboadela

---

### NOVENA: Aspectos Xerais

Os participantes concentraranse entre as 17:00h e 17:30h, do 1 de MARZO de 2025, no Pavillón Municipal, onde recibirán indicacións por parte do persoal da organización.

A organización establecerá a orde no desfile e a orde de actuación.

No desfile deberán participar todas as persoas inscritas.

A organización poderá descalificar aquelas propostas que se consideren vexatorias, especialmente para as minorías étnicas, as persoas con discapacidade, etc.

- DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE-